

Recordatorio de deberes legais ao concello de Forcarei de que as ordenanzas municipais non poden contradicir nin vulnerar o disposto no artigo 35.7 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria e recomendación de atender á solicitude da persoa interesada e dividir a liquidación entre cotitulares

Expediente: L.4.Q/2351/23

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2023

Sra. alcaldesa:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, comparece solicitando a nosa intervención XXX, con DNI XXX

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, fainos saber que

“no ano 2022, pasaron os recibos da contribución da urbana sen telos domiciliados na conta e sen o meu consentimento. O 6 de outubro devolvín un recibo por pasarmo incorrectamente (porque non teño o 100%, somos 4 propietarios). Este recibo ten unha referencia catastral XXX. (..) desde o 2017 ao 2021 pasárono ben porque solicitara o cobro a cada propietario da súa parte, este ano non .

O día 4 de xaneiro mandeille un escrito porque non mo mandaron no período executivo, nin no período voluntario no que pedía e que me modificaran este recibo, e mo mandaran de maneira física o meu domicilio para pagalo. A día de hoxe, non me contestaron nin me mandaron o recibo que eu devolvín. Teño eu que pagar os erros que cometen os funcionarios do concello, porque todos os anos este funcionario/a me pasa o recibo sempre incorrectamente non se fixa no que está facendo.”

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nola remitiu no que se recolle, esencialmente, o seguinte contido:

- Que o 25 de abril emitíuse unha resolución desa Alcaldía cuxo contido se reflicte neste informe
- Que se recibiu o día 4 de xaneiro de 2023 a solicitude para a división das liquidacións da finca á que se refire este expediente de queixa. Que pola sección de Xestión e Recadación de ingresos emitíuse unha certificación na que se sinala a existencia de catro cotitulares cun 25% cada persoa. Dito certificado figura no expediente.

- Que ata o ano 2021 as liquidacións emitíronse divididas nos termos agora solicitados polo interesado
- Refléctese o contido do artigo 35.7 da Lei xeral Tributaria respecto da posibilidade de dividir as liquidacións cando existen varias persoas cotitulares do mesmo ben. Oponse a este texto o contido do artigo 4 da Ordenanza fiscal do concello de Forcarei no que se sinala que aínda que existan varias persoas cotitulares, o suxeito pasivo será único.
- Exponse no informe municipal que o contido da Ordenanza é contrario á Lei e que, xa que logo, debe ser modificada canto antes. Con todo, indica que en tanto non se produza dita modificación normativa, prevalece o recollido na Ordenanza municipal ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei orgánica 6/85, do Poder Xudicial (no texto orixinal do informe e da resolución sinálase a Lei 6/95; porén, dedúcese polo contido do texto que se trata dun erro) xa que dito artigo reserva a tribunais e xudicatura a potestade de non aplicar as normas que vulneren as de rango superior.
- En base ao contido do informe rexeitase a solicitude do interesado.

#### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. O artigo 35.7 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria dispón, respecto da posible división das liquidacións entre varias persoas que teñan a consideración de obrigados tributarios respecto do mesmo ben:

“(..) Cando a Administración só coñeza a identidade dun titular practicaré e notificaré as liquidacións tributarias a nome do mesmo, quen virá obrigado a satisfacelas se non solicita a súa división. Para ese efecto, para que proceda a división será indispensable que o solicitante facilite os datos persoais e o domicilio dos restantes obrigados ao pago, así como a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido”

Esta redacción está vixente desde o 01/07/2004, data de entrada en vixencia da Lei, se ben figuraba numerada como 35.6

A maiores, a propia Dirección General de Tributos, en consulta vinculante, respondía o 01/02/2016:

“Respecto de la posible división de la deuda tributaria del IBI, el propio artículo 35.7 de la LGT, al regular la situación de concurrencia de varios obligados tributarios en un mismo presupuesto de una obligación, y después de establecer el carácter de obligación solidaria de todos ellos frente a la Administración tributaria para el cumplimiento de todas las prestaciones, señala en su párrafo tercero que se podrá solicitar la división de la liquidación tributaria. A tal efecto, para que proceda la división de la liquidación tributaria es indispensable que se faciliten a la Administración los datos personales y el domicilio de todos los obligados al pago, así como la proporción en que cada uno de ellos participe en el dominio o derecho sobre el bien”.

SEGUNDA. O interesado é cotitular dunha propiedade cun 25% da mesma, xunto a outras tres persoas que dispoñen da mesma porcentaxe. No ano 2017 solicitou nese concello a división das liquidacións do IBI entre os distintos obrigados e así se fixo, por parte dos servizos municipais, durante os catro exercicios seguintes.

Porén, a liquidación correspondente ao ano 2021 remitiuse na súa totalidade ao interesado quen solicitou a súa división nos termos nos que lles fora remitido os anos anteriores, dita solicitude foi rexeitada tal e como se informa por parte do concello de Forcarei, coa argumentación que figura máis arriba, facendo prevalecer o disposto na Ordenanza.

Con todo, no propio informe reflíctese que o texto da Ordenanza municipal é contrario á Lei e que cómpre modificala canto antes. Reflíctese, tamén, que durante os últimos exercicios o concello remitía as liquidacións divididas a cada persoa cotitular na propiedade en cuestión, incluído ao interesado.

TERCEIRA. O artigo 1.1 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, expón que “Esta ley establece los principios y las normas jurídicas generales del sistema tributario español y será de aplicación a todas las Administraciones tributarias en virtud y con el alcance que se deriva del artículo 149.1.1.ª, 8.ª, 14.ª y 18.ª de la Constitución”.

As entidades locais contan con autonomía normativa aínda que dita autonomía deberá circunscribirse dentro dos límites que impoña a Lei, respectando, iso si, o equilibrio na previsión de dereitos e obrigacións da cidadanía, sendo que a potestade regulamentaria recoñecida legalmente alcanza aqueles ámbitos que son directamente competencias municipais e mesmo naqueles outros nos que non hai normas emitidas por outras administracións. Así, en palabras do Tribunal Supremo, “ábrese paso a idea dunha vinculación negativa, que permite a aquelas [municipalidades] sen previa habilitación legal

actuar, ditando tamén ordenanzas, en toda materia que sexa da súa competencia, se ao facelo non contradi nin vulnera a lexislación sectorial que puidese existir”.

O ordenamento xurídico componse de leis e doutros tipos de normas de distinto rango que están ordenadas segundo o principio de xerarquía normativa. Non todas as normas son da mesma clase, nin teñen a mesma relevancia ou se aplican sobre o mesmo ámbito. Para organizalas e determinar cando se aplica cada unha, mesmo en caso de conflito porque hai varias posibilidades ante un mesmo caso, é necesario organizalas de forma xerárquica. O principio de xerarquía implica que unha norma de rango inferior non pode contradicir nin vulnerar o que estableza unha de rango superior, como establece o artigo 1.2 do Real Decreto do 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil.

Polo tanto, a autonomía recoñecida constitucional e comunitariamente aos concellos dotaos dun amplo marxe para regulamentar, por medio das Ordenanzas, as cuestións que lles corresponden e que teñen delegadas. Pero desta potestade non poderán extraerse criterios quebrantadores do principio de igualdade nin vulnerar os intereses da cidadanía. En definitiva, as Ordenanzas non poden prohibir o que a Lei permite.

A maiores, neste caso, cómpre sinalar que o concello aceptou a solicitude do interesado no ano 2017 e desde aí ao 2021 remitiu as liquidacións divididas mentres a partir do exercicio 2021 remitiron a liquidación completa. Dedúcese, pois, que o concello é coñecedor dos datos de todos os obrigados tributarios, condición esixida pola LXT.

Xa que logo, hai un cambio decisión municipal ou un erro que afectou aos intereses do reclamante.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte recordatorio de deberes legais:

As ordenanzas municipais non poden contradicir nin vulnerar o disposto no artigo 35.7 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

E a seguinte recomendación:

- Acceder á petición do interesado, que solicitou a división da liquidación que a Lei Xeral Tributaria permite, dado que o concello coñecía a existencia de catro cotitulares e contaba cos datos dos mesmos

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo